

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



**XUNTA
DE GALICIA**

A— distancia —da— imaxe

De Felipe
Romero e
Marius Ionut
Scarlat
(Colectivo
Cantz)

Proxecto
gañador do VII
Concurso de
Intervencións
Artísticas nas
Torres Hejduk

Do 12 de
novembro de
2020 ao 7 de
marzo de 2021

cidadedacultura.gal

 **Sabadell**
Fundación


 **Xacobeo**
2021

A— distancia —da— imaxe

GAL

***A distancia da imaxe* transforma as Torres Hejduk da Cidade da Cultura nun depósito de imaxes, pegadas e memorias do Camiño de Santiago, a través dun rexistro fotográfico e sonoro que convida a reflexionar sobre as miradas e os relatos da experiencia do Camiño. Esta proposta creativa do Colectivo Cantz –formado polos artistas visuais Felipe Romero, de Colombia, e Marius Ionut Scarlat, de Romanía– resultou gañadora do VII Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, convocado entre os e as participantes do Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura (EAN) 2019. O certame está enmarcado na programación do Xacobeo 2021 –tendo como eixo os camiños xacobeos– e conta coa colaboración da Fundación Banco Sabadell.**





A intervención propón sumar ás pegadas que o Camiño de Santiago deixa no territorio e nos peregrinos – desde o relato oficial nas enciclopedias e guías de viaxes ata as marcas no propio corpo– un novo tipo de evidencia: un depósito de imaxes que despraza e amplía a idea dun relato hexemónico do Camiño. *A distancia da imaxe* constrúe este rexistro a través de tres eixos: a experiencia dos artistas durante o Camiño –recollida nun fotolibro–, unha recolección de imaxes icónicas do Camiño, e unha serie de entrevistas realizadas na praza do Obradoiro.

Con este depósito sonoro e visual, os peregrinos e peregrinas ven prolongada a experiencia do Camiño máis aló da súa chegada á meta, deixando a súa pegada neste espazo expositivo non convencional. As Torres Hejduk, situadas no cume da aba oeste do monte Gaiás –a cal está precisamente bordeada pola Vía da Prata á súa chegada a Compostela– amplían así, a través da imaxe fotográfica e o rexistro sonoro, a experiencia do Camiño de Santiago.

Colectivo Cantz



Felipe Romero Beltrán (1992, Colombia) é fotógrafo e artista visual. Desenvolveu proxectos artísticos en países como Colombia, Arxentina, Israel e España. Actualmente, investiga arredor da imaxe fotográfica e as tensións no territorio. Foi premiado en certames como ArteCámara ARTBO 2019, Encuentros da Imagem Discovery Award 2019, Tabacalera Cantera 2019, PhotoEspaña 2019, New York Times Call 2019, Sony Photography Awards, Canon Student program, Visa pour l'image, Burn Magazine Magnum Foundation, Luca Dolega París, ou World Nomads Japón.



Marius Ionut Scarlat (1993, Romanía) está graduado en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Alcalá, pero comezou a súa carreira como fotógrafo tras rematar o Máster en Fotografía artística na Escola TAI. Desenvolveu o seu traballo fotográfico en países como Romanía –de onde é orixinario–, España, Reino Unido ou Italia. Participou en concursos nacionais e internacionais como PhotoEspaña, Magnum Foundation, Tabacalera, La Máquina, World Nomads, Visa pour l'image ou Matera European Photography.

CAST

La distancia de la imagen transforma las Torres Hejduk de la Cidade da Cultura en un depósito de imágenes, huellas y memorias del Camino de Santiago, a través de un registro fotográfico y sonoro que invita a reflexionar sobre las miradas y los relatos de la experiencia del Camino. Esta propuesta creativa del Colectivo Cantz –formado por los artistas visuales Felipe Romero, de Colombia, y Marius Ionut Scarlat, de Rumanía– resultó ganadora del VII Concurso de Intervenciones Artísticas en las Torres Hejduk, convocado entre los y las participantes del Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura (EAN) 2019. El certamen está enmarcado en la programación del Xacobeo 2021 –teniendo como eje los caminos xacobeos– y cuenta con la colaboración de la Fundación Banco Sabadell.

La intervención propone sumar a las huellas que el Camino de Santiago deja en el territorio y en los peregrinos –desde el relato oficial de enciclopedias y guías de viaje hasta las marcas en el propio cuerpo– un nuevo tipo de evidencia: un depósito de imágenes que desplaza y amplía la idea de un relato hegemónico del Camino. La distancia de la imagen construye este registro a través de tres ejes: la experiencia de los artistas durante el Camino –recogida en un fotolibro–, una recolección de imágenes icónicas del Camino, y una serie de entrevistas realizadas en la plaza del Obradoiro.

Con este depósito sonoro y visual, los peregrinos y peregrinas ven prolongada la experiencia del Camino más allá de su llegada a la meta, dejando su huella en este espacio expositivo no convencional. Las Torres Hejduk, situadas en la cumbre de la falda oeste del monte Gaiás –la cual está precisamente bordeada por la Vía de la Plata a su llegada a Compostela– amplían así, a través de la imagen fotográfica y el registro sonoro, la experiencia del Camino de Santiago.

Colectivo Cantz

Felipe Romero Beltrán (1992, Colombia) es fotógrafo y artista visual. Ha desarrollado proyectos artísticos en países como Colombia, Argentina, Israel y España. Actualmente, investiga alrededor de la imagen fotográfica y las tensiones en el territorio. Fue premiado en certámenes como ArteCámara ARTBO 2019, Encuentros da Imagem Discovery Award 2019, Tabacalera Cantera 2019, Photoespaña 2019, New York Times Call 2019, Sony Photography Awards, Canon Student program, Visa pour l'image, Burn Magazine Magnum Foundation, Luca Dolega París, o World Nomads Japón.

Marius Ionut Scarlat (1993, Rumanía) está graduado en Comunicación Audiovisual por la Universidad de Alcalá, pero comenzó su carrera como fotógrafo tras finalizar el Máster en Fotografía Artística en la Escuela TAI. Ha desarrollado su trabajo fotográfico en países como Rumanía – de donde es originario–, España, Reino Unido o Italia. Participó en concursos nacionales e internacionales como PhotoEspaña, Magnum Foundation, Tabacalera, La Máquina, World Nomads, Visa pour l'image o Matera European Photography.

A— distancia —da— imaxe

GAL

De Felipe Romero e Marius
Ionut Scarlat (Colectivo Cantz)

Proxecto gañador do VII
Concurso de Intervencións
Artísticas nas Torres Hejduk

Do 12 de novembro de 2020 ao
7 de marzo de 2021

cidadedacultura.gal

CAST

De Felipe Romero y Marius
Ionut Scarlat (Colectivo Cantz)

Proyecto ganador del VII
Concurso de Intervenciones
Artísticas en las Torres Hejduk

Del 12 de noviembre de 2020 al
7 de marzo de 2021

cidadedacultura.gal